



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G010/000005
Sesión núm. 05/2023-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 27 de abril do 2023
Convocatoria: Ordinaria	Hora: 20.00
	Lugar: Salón dos plenos da casa do concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Dación de conta de concelleiro non adscrito e composición das comisións informativas permanentes.
- 2º.- Modificación de crédito 09/23, crédito extraordinario 01/23: centro deportivo municipal.
- 3º.- Modificación do posto de traballo co código da RPT 090002, denominado TAX de Urbanismo, Medio Ambiente e Policía Urbana.
- 4º.- Resolución do recurso de reposición presentado pola concelleira Laura Rodríguez Pena contra acordos do Pleno da Corporación adoptados o 29 de decembro do 2022.
- 5º.- Aprobación do proxecto técnico corrixido denominado Campo de fútbol de céspede artificial no recinto deportivo municipal de Carnoedo, incluído no POS+ 2023.
- 6º.- Aprobación do proxecto técnico emendado da obra incluída no POS+ 2023 de Substitución de redes principais e as súas acometidas, instalación de novos servizos e pavimentacións na praciña da Mariña, na rúa de Oriente e na rúa do Sol, en Sada (A Coruña).- Complementario.
- 7º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
 - A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 27 de marzo do 2023 (núm. 555) ata o 21 de abril do 2023 (núm. 732).
 - B. Mocións.
 - C. Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano Colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente pola alcaldesa, María Nogareda Marzoa, e pola secretaria do Concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 24 de abril do 2023.